



A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 28 de outubro de 2019 na sala de xuntas da Escola de Enxeñaría de Telecomunicación, no Campus de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 17 de setembro de 2019.
- \* Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade correspondente á OEP do ano 2018 (Plan Promoción CG 20/03/2019) e a creación das prazas correspondentes.
- \* Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Catedrático/a de Universidade correspondente á OEP do ano 2018 (Plan Promoción CG 20/03/2019) e a creación das prazas correspondentes.
- \* Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Contratado Doutor correspondente á OEP do ano 2017 (criterios aprobados no CG 21/03/2018) e a creación da praza correspondente.
- \* Aprobación da proposta da Oferta de Emprego Público do persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2019.
- \* Aprobación da I edicións de Curso de Especialista .
- \* Aprobación da creación dunha subdirección para a EIDO.
- \* Aprobación do “Regulamento do Rexistro Electrónico da Universidade de Vigo”.
- \* Aprobación do nomeamento de Dona Eva María Lantarón Caeiro como membro da Comisión de permanencia e progreso da Universidade de Vigo (cupo de decanos/as e directores/as).
- \* Elección dun representante do C.G. no Consello Social, polo sector de estudantes: D. Daniel Couto Cancela

Vigo, 28 de outubro de 2019  
O secretario xeral,



Miguel Ángel Michinel Álvarez

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.